

a *Movida*
go

AXENDA CULTURAL DE VIGO
DE BALDE - MAIO - 2024

LÉVAME!
VOU CONTIGO

**UN
PAPEL
FUNDA-
MENTAL**



AMOVIDA.GAL

ESTE DÍA DE LA MADRE

10€ DE REGALO


Del 29 de
Abril al
4 de
Mayo

SI COMPRAS UNA
GIFTCARD DE **50€** EN
VIALIA VIGO

COMPRA TU
TARJETA AQUÍ





*Hasta fin de existencias.




SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.




BOTÓN

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...




ZONAS INTERACTIVAS

Navega polas páxinas na procura das zonas interactivas (fotografías, biografías dos colaboradores, páxinas web, iconas de redes sociais, logotipos...).




BARRA SUPERIOR

Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premendo na barra superior.



LIGAZÓN

Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.



PÁX. 7
BRUNO ARIAS



PÁX. 9
UN PAPEL FUNDAMENTAL



PÁX. 18
POR UN VERÁN CAMPANTE



PÁX. 24
LIBROS QUE ENTRAN POLOS OLLOS

- 5 TRIBUNA**
- 6 OLLO AO DATO**
- 6 OS LIBROS DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ**
- 11 VECIÑANZAS: TEIS**
- 13 A COCIÑAR: RATATOUILLE**
- 15 MÚSICA AO VIVO**
- 17 IMPERDIBLES**
- 19 AXENDA MOVIDIÑA**
- 21 OUTRAS MOVIDAS**
- 23 MODA CON MOITO XENIO**
- 23 'SOÑAR AL BORDE DEL PRECIPICIO'**
- 25 LOCAIS RECOMENDADOS**
- 27 DELEITE LITERARIO**
- 28 AS TÚAS MOVIDAS**

Subscríbete ao boletín de WhatsApp: [644 37 29 23](https://www.whatsapp.com/channel/00299171111111111111)

Se queres recibir a revista na casa e apoiar a cultura en Vigo, subscríbete na web: amovida.gal/subscripcion-revista

MOVÉMONOS POLA CULTURA EN VIGO



Revista **A Movidá** → Volume 7 (4), maio de 2024 [56]

Edición: Tamara Novoa → **Redacción:** Tensi Gesteira, Estela Gómez, Ernesto Is, Xurxo Martínez González, Ismael Ramos, Pablo Vázquez Varela → **Fotografía:** Pablo Vázquez → **Deseño e maquetaxe:** Rubén González → **Deseño web:** Beatriz Barros → **Mercadotecnia:** Xoán C. Miranda e Cecilia Vázquez → **Revisión de textos:** Uxío Couto

Edita: A Movidá Cultural S.L.

Impreso por Imprenta Feito S.L. → Depósito legal: VG 741-2018 → Exemplar gratuito. Prohibida a súa venda

[@amovidavigo](https://www.instagram.com/amovidavigo) → amovida.gal


A Movidá non se responsabiliza das opinións expresadas nos contidos desta revista, nin de calquera mudanza nos eventos que nas sucesivas páxinas se anuncian.

O PULSO DO MUNDO

Hai xa tempo que ir de librarías ocupa un lugar tan relevante na miña axenda coma visitar a meus pais. Alí atopo un acougo difícil de lograr en ningún outro sitio. Non é necesariamente un vicio consumista, non teño por que mercar nada. Trátase máis ben de percorrer as súas mesas de novidades coa vista, de saber o que prepararon esa semana as miñas librerías e coñecer de primeira man que sente o mundo, en que pensa.

Porque unha librería independente é un refuxio antiaéreo e un espazo sen censura. E é tamén o máis libre dos medios de comunicación, o lugar onde latexan as emocións e as reivindicacións dxs escritorxs, ilustradorxs, deseñadorxs gráficxs, editorxs... E, por suposto, dxs lectorxs dunha cidade. Queren saber como nos sentimos? Que nos preocupa? Visiten unha librería independente e verán que nos interesan acabar coa desigualdade, as complexas relacións familiares, as historias diversas, as voces tradicionalmente marxinaadas e que, para distraernos de cando en vez, refuxiámonos tamén en tramas esaxeradamente románticas ou crimes escabrosos.

As librarías dunha cidade din moito de quen a habita. Visitémolos, coidémolos, lembrémoslles sempre canto nos importan.



Ismael Ramos

Escritor

A XI EDICIÓN DOS PREMIOS MARTÍN CODAX DA MÚSICA engalana o Pazo da Cultura de Pontevedra o mércores 15, con diferentes artistas vigueses nomeados aos que lles desexamos moita sorte e aos que podemos votar a través da [web dos premios!](#)



Youcanthide

'LUÍSA VILLALTA: A REBELIÓN DA PALABRA' é a serie documental dirixida por **Damián Varela Pastrana** e escrita por **Alba López Álvarez** sobre a figura homenaxeada este 17 de maio, que se pode ver na canle de YouTube da [Real Academia Galega](#).

O CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES RUN RUN VIGO continúa este mes con dúas probas. O domingo 19, a Carreira Praia de Samil conta cun percorrido de 8 quilómetros. O domingo 26, a Carreira da Cereixa percorre Beade en 5 ou 10 quilómetros unha semana antes da XXXVII Feira-Festa da Cereixa, que este ano volve contar cun pregoeiro da casa.

por Xurxo Martínez González

OS LIBROS DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

O editor puña nas cartas «Calle Aranda», obviando o rango de xeneral. Un sinal de aparencia infantil pro quen o oculta viviu a represión na carne e o asasinato do pai. **Xosé María Álvarez Blázquez** chega a Vigo coma un alóstrobo que prende luces de San Telmo. Arqueoloxía, cultura, prensa... A todo se dedicou con paixón.

De igual xeración e escola política có **Antón Beiras**, Xosé María xestionou con tino o estourido volcánico de tinta que é Vigo desde **Juan Compañel** imprimise os *Cantares gallegos* (1863) de **Rosalía de Castro**. No número 31 da rúa do xeneral Aranda (hoxe rúa de Pi i Margall), abriu con **Luis Viñas Cortegoso** a librería e editorial Monterrey. Alí saca *La ciudad y los días* (1960), que narra «episodios locais» con dote didáctica. En 1964 funda Edicións Castrelos, da que teño un delicioso exemplar d'*Os ríos galegos* (1977).

Álvarez Blázquez deu volumes recompilatorios, exhumou textos antigos e preparou liñas de divulgación popular, como foi a colección O Moucho, de éxito inusual. Asunto pouco valorado é a súa aposta pola nova narrativa galega. Ao nacer a Editorial Galaxia, o xefe literario **Ramón Piñeiro** desbotou libros por consideralos lonxe do seu canon literario. Por iso **Gonzalo R. Mourullo** edita *Nasce un árbore* (1954) en Monterrey, para encetar esta fase da nosa literatura. Saído da prisión, **Méndez Ferrín** dáballa *Retorno a Tagen Ata* (1971). Xa entón **Darío Xoán Cabana** traballaba na editorial. Velaí este mundo das letras galegas que se chama Vigo.



Bruno Arias

Cineasta

«A XENTE ESTÁ DECATÁNDOSE DE QUE UN FILME EN GALEGO PODE SER BO»

BRUNO ARIAS GONZÁLEZ (Vigo, 1998) acaba de ser recoñecido co Premio Mestre Mateo ao Mellor Documental coa súa ópera prima: Os espazos en branco, unha peza en que indaga sobre a memoria a través da historia da súa tía, falecida cando el tiña cinco anos, a poeta **Xela Arias**.

Como te sentes tras gañar o Mestre Mateo co teu primeiro filme?

Asimilándoo. Cando collín o premio dixen que tardaría uns meses en assimilar todo isto, porque cando empezamos a facer esta película non acababamos de crer que puidésemos facela nin que nos fosen dar a axuda para facela; desde aí, para min todo o que veu despois foi increíble.

O documental rodouse en varios espazos de Vigo, cidade na que Xela viviu desde pequena; sabes que lugares frecuentaba?

Fíxenlle esa mesma pregunta a meu pai e a resposta foi que ela andaba por todas as partes. Escollín a rúa de Zamora, onde Xela viviu nada máis chegar a Vigo. Tamén o IES Castelao, no Calvario, onde estudou. E intentei camiñar moito polo Vigo vello, buscando aqueles sitios polos que ela se podía mover. Ter unha nova visión da cidade a través dos espazos que a miña tía visitou ou deixou de visitar é moi bonito, todos os lugares teñen algo novo se os miras con outros ollos.

En que se diferencia o Vigo de Xela Arias do actual?

É certo que Xela viviu nun momento de moita efervescencia cultural e social, pero aínda que agora non estamos nese punto, atravesamos

un rexurdimento en moitos aspectos da nosa cultura. Cando estaba no instituto, eu non era consciente e sentía a necesidade de marchar fóra para buscar outras cousas; agora que estou en Santiago, boto moito de menos Vigo e noto que hai moitas cousas que se fan aquí e que eu estou perdendo por estar fóra.

É complicado poder facer unha película para alguén que se acaba de graduar?

Sería un pouco arrogante dicir que é complicadísimo, porque eu tiven a sorte de que ao acabar a carreira pedín unha axuda para facer unha película e déronma. Son consciente do privilexio que tiven, tamén en parte de que a historia que eu quería contar tivese que ver cunha figura pública de actualidade no momento. Se a miña tía non fose Xela Arias, igual non me daban a axuda.

Nalgunha ocasión dixeches que debería haber máis investimento público para o cine. Pensas que se destinan poucos cartos a este sector?

Creo que a cultura en xeral nunca ten financiamento dabondo. É algo moi difícil de facer e resulta complicado sacar adiante proxectos culturais a través da iniciativa privada, porque moitas veces non resulta rendible. Penso que precisamente os organismos públicos deberían ter en conta que a cultura é un ben en si mesmo, que non ten por que resultar rendible.

Para acceder á entrevista completa en amovida.gal, cómpre escanear o código QR.



**«Todos os lugares teñen
algo novo se os miras
con outros ollos»**



**«A cultura é un ben en
si mesmo, non ten por
que resultar rendible»**





Un papel fundamental

Desde que alguén se pon a teclear no ordenador unha nova obra ata que unha persoa decide ler ese texto na casa, interveñen diversos factores. Un dos últimos, e máis importantes, son as librerías. Non só como principais puntos de venda de todo tipo de libros, senón tamén como espazos de asesoramento, sitios en que descubrir novas propostas e lugares de encontro para presentacións de novidades editoriais. Falamos con tres das máis recoñecidas e lonxevas da nosa cidade.

LIBROURO

En 1967, **Antón Patiño** e **Raimunda Pérez** abriron no centro da cidade **LIBROURO**, unha aposta arriscada tendo en conta a situación sociopolítica que atravesaba o país desde había varias décadas. Con ideoloxía galeguista, a parella escolleu este nome tan sonoro «porque tiñan o libro como ouro en pano». Isto cóntanolo o fillo, **Xurxo**, que desde hai tempo está ao cargo da librería canda a súa irmá **Nucha**. Desde os inicios defenderon o papel da literatura galega, mesmo a que se estaba a facer no exilio. Vendían ás furtadelas libros prohibidos polo réxime franquista, como *Sempre en Galiza*, de **Castelao**. Ao nacer rodeado de libros e nun ambiente tan proclive á literatura e ao nacionalismo, para Xurxo foi un paso natural facerse cargo deste histórico comercio familiar, e puntualiza: «Hai que quitar moito romanticismo arredor do mundo do libro. Non se está aquí lendo libros, precisamente; é un negocio moi trabaloso e non é dos máis rendibles a nivel económico, pero si a nivel persoal». [...]



→ rúa de Eduardo Iglesias, 12

CARTABÓN

Case vinte anos antes, **Gonzalo Pérez** xa sabía que quería ser libreiro, pero foi o 24 de xuño de 1985 cando o soño se fixo realidade co nacemento de **CARTABÓN**. A localización desta librería é a mesma desde hai case corenta anos, situada ao pé da entrada da rúa peonil do Calvario. «Non hai moito gran lector na contorna; menos mal que nos vén moito público doutras partes», di **Maribel Tato**, a outra responsable deste bastión das nosas letras. As vendas a través da Rede, comentan, tamén axudan bastante a que as contas saian a final de mes. «Temos clientes en Madrid e Barcelona que nos piden libros en galego; é a parte positiva de Internet, que nos dá máis visibilidade». É sabido que os libros para o público infantoxuvenil, especialmente grazas ás lecturas obrigatorias nos centros educativos, son un dos piares fundamentais da industria editorial galega. O feito de ter un colexio xusto diante da librería podería parecer unha bendición, pero estes os dous libreiros negan isto. «De non ser polo ensino público, levábamola clara. [...]



→ rúa de Urzaiz, 125



LIBROS PARA SOÑAR

Sobre literatura infantil e xuvenil son especialistas en **LIBROS PARA SOÑAR**, a librería aberta en 2001 no corazón do barrio histórico da cidade. Ao seu cargo están **Sandra Senra**, desde hai 20 anos, e **Carmela Sieiro**, desde hai 15. A primeira destaca o cambio radical que sufriu a contorna nas últimas décadas: «Cando eu cheguei, non pasaba unha alma por aquí. A zona vella estaba moi deteriorada e, pouco a pouco, foise rexenerando. Agora pasa moita máis xente e iso beneficianos, aínda que o noso público vén de moitos puntos da cidade», indica. Esta tenda naceu da man da editorial Kalandraka como unha sorte de laboratorio onde levar a práctica o traballo que xa viñan facendo desde había tres anos, con especial fincapé na aposta polos álbums ilustrados. Unha das partes máis salientables da librería é o labor a prol da dinamización da lectura, programando actividades semanais de contacontos, presentacións de libros e concertos, tanto para o público de preescolar como, máis recentemente, para o público máis miudiño. «As actividades para bebés sempre se enchen en cuestión de minutos; había moi pouca oferta neste aspecto», comenta a devandita libreira. Este traballo tan interesante foi dando froitos e a librería foi medrando. [...]



→ rúa do Triunfo, 1

OUTROS ESPAZOS

Por fortuna para os bibliófilos locais, ademais das dúas Bibliotecas Públicas con senllos insignes nomes, Juan Compañel no Casco Vello e Xosé Neira Vilas en Lavadores, e das grandes superficies comerciais, Vigo ofrece outras moitas opcións onde rodearse de páxinas.

Situada no barrio de Casablanca, a librería **VERSUS** dispón dun catálogo ben variado; a sección de libros musicais é unha das máis amplas da cidade, e prestando atención ao fío musical, é probable descubrir interesantes artistas pouco escoitados. Asemade, nunha de nome moi literario, pero tan dominada pola hostalería como Rosalía de Castro, resiste **GAMI**, un negocio familiar aberto en 1984 cuxa característica principal é a de dispoñer de moitos libros nun espazo moi reducido e un escaparate que se actualiza decote. Outro reduto encóntrase no Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) con **LASAL BOOKS**, unha librería especializada en arte, arquitectura, deseño, fotografía e ilustración onde se realizan habitualmente obradoiros artísticos para públicos de diferentes idades. Nesta liña, a **GALERÍA MARACA** contén varios andeis con libros moi chulos sobre arte, cinema, cómic, deseño, humor, ilustración, feminismo, gastronomía, música... sempre cun acabado estético salientable. Seguindo coa banda deseñada, atopámola a esgalla en librerías especializadas como **COMICS VIGO**, **SOUSA CÓMICS** ou **MAZINGER**, auténticos paraísos da novena arte. Pola outra banda, **RÍO LAGARES** ten unha importante biblioteca de libros de segunda man en varios idiomas (galego, castelán, portugués, francés, italiano...) sobre diferentes temas, todos acompañados dun papel cun comentario personalizado sobre cada un. Pero se o que buscamos son libros de segunda man para comprar, podémoslos atopar a prezos baixos en tendas como **AIDA BOOKS&MORE**, **LIBRUS**, **TROTALIBROS LOW COST** ou **RE-READ**. Hai moita vida á volta de cada páxina.



- 1** Librería A Guía
Rúa de Sanjurjo Badía, 108
- 2** Celebrarte
Rúa de Sanjurjo Badía, 103
- 3** Mercado de Teis
Rúa Toural de Abaixo, s/n
- 4** La habitación de los pelos
Rúa de Sanjurjo Badía, 161
- 5** A Granxa
Rúa de Sanjurjo Badía 163



Escanea o código QR para percorrer connosco anécdotas, historias e lugares interesantes de Teis.



TEIS

por Chachachá Studio

PRAIA DA PUNTA

ETEA

A RIOUXA

AV. DE GALICIA

A MADROA





Frutas Nieves

Un compromiso que se sostén

Con 40 anos de traxectoria, **FRUTAS NIEVES** consolidouse como un referente no sector grazas ao seu compromiso coa calidade, a innovación e o coidado do medio ambiente. Fundada en 1983 como almacenista de froitas, verduras e hortalizas frescas na contorna de Vigo, a empresa adaptouse aos continuos cambios do mercado, profesionalizándose na distribución e experimentado un crecemento continuo. Tamén soubo devolverlle á cidade todo ese apoio colaborando en eventos deportivos e culturais ano tras ano.



Na actualidade, Frutas Nieves é unha franquía que conta cunha rede de 41 establecementos distribuídos na provincia de Pontevedra. A marca soubo ampliar o seu modelo de negocio, trasladando a súa política de calidade e servizo para chegar a novos clientes do sector privado en toda Galicia. A ligazón de Frutas Nieves con Vigo continúa tan forte coma sempre. A sede central está situada no Parque Tecnolóxico Loxístico (PTL), situado entre as parroquias de Beade e Valadares, onde conta con instalacións de última xeración equipadas con tecnoloxía

avanzada para a conservación, a elaboración e a distribución de produtos frescos en condicións óptimas. Alén das infraestruturas, o verdadeiro motor da empresa é o equipo humano, composto por máis de 120 profesionais. Frutas Nieves procura fomentar un bo ambiente en diferentes aspectos. Unha das iniciativas máis destacadas da marca é o Club Vitaminas, destinado a promover hábitos de alimentación saudables entre os máis novos a través de talleres nutricionais en centros educativos. No seu compromiso coa sostibilidade e o coidado do medio ambiente, a empresa aplica prácticas responsables en cada operación.

Do campo á mesa, Frutas Nieves conta cun sistema de xestión e acordos con produtores locais e estatais directo, sen intermediarios, traballando a prol dun aprovisionamento sostible de froitas e verduras, garantindo o equilibrio entre a produción e a conservación dos recursos naturais, actuando localmente e pensando a nivel global. Ademais dos establecementos, a empresa conta cunha tenda *online* que ofrece unha selección de produtos propios, así como froitas e verduras frescas en diversos formatos a través de frutasnieves.com.





RATATOUILLE

O Ratatouille é un prato tradicional da antiga Provenza. Célebre polo filme do mesmo nome, este pisto francés, feito a base de verduras frescas para obter un sabor intenso, é unha exquisita maneira de gozar da riqueza dos produtos do campo. *Bon appétit!*

INGREDIENTES

- Aceite de oliva (2 culleradas)
- Allo (2 dentes)
- Berenxena grande (1 unidade)
- Cabaciña grande (1 unidade)
- Cebola grande (1 unidade)
- Herbas frescas: alfábega, romeu e tomiño
- Pemento amarelo (1 unidade)
- Pemento vermello (1 unidade)
- Tomates maduros (3 unidades)
- Sal e pementa

ELABORACIÓN

Mentres quentamos o forno a 200 °C, cortamos en rebandas finas a berenxena, a cabaciña, a cebola e os pementos, e picamos os dentes de allo e os tomates. Cubrimos unha bandexa do forno cun leito de rodellas de tomate, que logo cubrimos cunha capa de berenxena, cabaciña, cebola e pementos. Esparexemos os dentes de allo e os


tomates picados sobre as verduras en capas e e repetimos o proceso ata que todas as hortalizas queden repartidas. Regamos a fonte con aceite de oliva e aderezamos con herbas frescas, sal e pementa ao gusto. Cubrimos a bandexa con papel para forno e enfornámola durante 45 minutos. Pasado ese tempo, retiramos o papel e volvemos enfornar entre 15 e 20 minutos, ou ata que observemos un aspecto tenro e dourado. Servímolo quente e obtemos unha delicia que se pode servir como acompañamento ou como prato principal.

Escanea o código QR para acceder ao vídeo da receita en amovida.gal



De Luísa Villalta ás voces emerxentes

XERAIS
xerais@xerais.gal • www.xerais.gal





DOPPLER

Rúa de Martín Codax, 21

Sábado 4 → 21:30 h → 10,00 € / 12,00 € → **Vértebras**

Sábado 11 → 21:30 h → **C. Mari**

Sábado 18 → 21:30 h → **Tarchi + Bosco Herrero**

KOMINSKY

Rúa dos Irmandiños, 3

Venres 3 → 21:30 h → 10,00 € / 12,00 € → **Paco Romero**

Sábado 4 → 21:30 h → 8,00 € → **Travo**

Domingo 5 → 19:30 h → 5,00 € → **Mobswing**

Xoves 9 → 21:30 h → 5,00 € → **Muy frágil + Sisisil!**
+ banda sorpresa

Venres 10 → 20:00 h → 12,00 € → **Mice Gog + Las buenas telepáticas + Pablo Corbillón** e amigos

Sábado 11 → 00:00 h → Gratis → **Rub a Dub corner #22** con **Itaal Roots**

Domingo 12 → 22:00 h → 5,00 € → **Noite de maxia**

Venres 17 → 21:00 h e 22:00 h → Caixa inversa → **Teatro Playback + Furiosa Fest: Pálida**

Sábado 18 → 17:00 h → 8,00 € / 10,00 € → **Furiosa Fest**

Sábado 24 → 21:30 h → **Malabesta**

Sábado 25 → 17:00 h → 8,00 € → **Txuvasco e Os Rosmóns**

Domingo 26 → 21:30 h → 6,00 € / 8,00 € → **La Sécurité**

Xoves 30 → **Concerto + foliada**

Venres 31 → **800 Gondomar** + grupo convidado

O LAR DAS ARTES

Rúa das Ribelas, 60, baixo esquerda

Xoves 2, 9, 16, 23 e 30 → 21:00 h → Gratis → **A Jam das Artes** con **Rober Carcos** e amigos + micro aberto

Venres 3, 10, 17, 24 e 31 → 21:00 h → Gratis → **Ousmame**

Domingo 12 → 12:30 h → Gratis → **The Pelos Band**

Domingo 19 → 12:30 h → Gratis → **Beutxi & The Frankies**

Xoves 24 a domingo 26 → 12:00 a 17:00 h e 20:00 a 00:00 h → Gratis → **Feira americana**

Domingo 26 → 12:30 h → Gratis → **DJ Limmon**

REBULLÓN

Avenida do Rebullón, 23. Tameiga, Mos

Venres 3 → 22:00 h → 13,00 € / 15,00 € → **Basement Saints**

Sábado 4 → 12:30 h → desde 16,00 € → **Romaría do Merlo: Cantometrics + Sindicato do Folclore + Miguel Fraile + Arredores + Carmela**

Venres 10 e sábado 11 → 10,00 € / 12,00 € → **VIII Aniversario da Rebullón**

- Venres:

22:00 h → **A Orquestra Bravú Xangai**

- Sábado:

13:00 h → **Banda de música de Barbadás**

14:30 h → **Comida popular** (porco ao espeto con **DJ Gramola**)

16:00 h → Proxección documental de **SonDaRúa: O último combate**

17:30 h → **Nadie González**

19:00 h → **La Gran Orquesta Republicana**

21:00 h → **Keixa**

22:00 h → **Picada popular de música hortera**

Sábado 25 → 20:30 h → Billeteira inversa → **Napalm Fest: Dystopian Omen + As Life Burns + Always My Fault + Stormseeds + Kuma**

Sábado 31 → 22:00 h → 16,50 € / 18,00 € → **Hannah Aldridge**

MOLOTOV

Travesía de Santiago de Vigo, 1

Venres 3 → 00:30 h → 5,00 € / (gratis coa entrada ao concerto) → **Overdose Club** (afterparty oficial do concerto de Diego900)

Sábado 4 → 19:30 h → 13,20 € → **Anesthesia**

Venres 10 → 21:00 h → **Zera Club**

Xoves 16 → 00:00 h → 3,00 € → **La Escorpio, Mommy Yankee x Cot Cardillo**

Sábado 18 → 00:00 h → **Hypnotik Club**

Venres 24 → 23:30 h → **Zsongo Club**

Sábado 25 → 23:30 h → **Envy Tecno** con **Ayako Morí**



THE MONK PUB

Rúa de Serafín Avedaño, 12

Xoves 2 e 16 → 22:00 h → Billeiteira inversa → **Grolo + Foliada**


Sábado 18 → 22:00 h → 10,00 € / 13,00 €
Sala Masterclub → Treintañeras Cañeras+ Banda invitada

Un directo potentísimo é o que ofrece esta tríade local que está a piques de lanzar un novo disco.

Sábado 25 → 22:00 h → 12,00 € / 15,00 €
Sala Masterclub → The Skarnivals+ Liska!

Con case dez anos de traxectoria, a banda do Morrazo referente do *ska* feito en Galicia presenta un novo traballo: *Latexos*.

#GPS14 -GIRANDO POR SALAS-



Sábado 18 → 21:30 h → 11,00 €
Sinattra → Gilipojazz

Un *power trio* madrileño de *jazz-punk* cun 87,29 % de música instrumental, combinada con outros estilos como *funk*, *rock* progresivo ou *metal* e pin-celadas de música clásica. A esta combinación de estilos tan heteroxénea hai que engadirlle o humor que desprenden no directo.



As Neves

un filme escrito e dirixido por Sonia Méndez

10 DE MAIO EN CINEMAS



"EL JOVEN REPARTO LOGRA ABRAZAR EL DESAFIANTE MATERIAL EMOCIONAL"
 VARIETY

"ARREBATADORAMENTE LIBRE"
 LA RAZÓN

"LA CÁMARA FLUYE, LAS INTERPRETACIONES BRILLAN POR NATURALES"
 CINEMANIA



FESTA UPCYCLING



Mercado de suprarreciclaxe, roupa de segunda man e *vintage*, zona de intervención na que reformar produtos téxtiles a través de estampación, pintura etc. Todo amenizado con música en directo.

→ Sábado 4, das 17:00 ás 22:00 h
→ Simia Coworking → Gratis

O MERCADO DA ARTE



Novena edición da feira artística do Calvario, un evento cunha boa mostra da artesanía galega: cerámica, fotografía, ilustración, téxtil, xoias...

→ Venres 17, das 11:00 ás 20:00 h
→ Mercado do Calvario → Gratis

LAREIRA MARKET



A segunda edición deste mercado de artesanía local salta das paredes do Centro Comercial A Laxe ao espazo aberto de Bouzas, nunha sorte de ampliación da feira dos domingos.

→ Domingo 19 → Alameda de Bouzas → Gratis

ANDURIÑA, MULLER DE IDA E VOLTA



A actriz de ida e directora de volta, Cristina Pascual asina un documental que conta a historia de quince mulleres do seu municipio natal, Maceda, que se viron na obriga de emigrar.

→ Venres 31, ás 19:00 h → A Morada → Gratis

PICNIC SESIÓNS



Natureza, cultura e comunidade onde aprender a dar os primeiros pasiños de *lindy hop* da man da escola Swing On, ademais da música en directo de Blues do País, Family Folks, Su Garrido Pombo e The Manueles.



→ Domingo 12 → Saiáns → Gratis

CERAMIC & WINE



Kurinuki é unha técnica xaponesa que consiste en tallar a arxila. Mario López exerce de mestre artesán nunha clase de cerámica coa maridaxe dun bo viño.

→ Sábado 25, ás 17:00 h → Alaselva
→ 50,00 € (todo incluído)

OBRADOIRO DE LINDY HOP + BAILE SOCIAL



Outra oportunidade para aprender a dar os primeiros pasos de *lindy hop* nun novo obradoiro da escola Swing On.

→ Venres 31, ás 19:30 h (clase) e ás 20:30 h (baile) → Simia Coworking (clase), Burbia Pub (baile) → Caixa inversa (clase), gratis (baile)

a Movidiaña

POR UN VERÁN CAMPANTE

As vacacións escolares están á volta da esquina, e xa sabemos que nesa época de troula para os pequerrechos é cando os adultos temos que facer encaixe de bolillos para conciliar a vida laboral coa persoal. Neste período, os campamentos de veráns convértense en aliados, para ocupar o tempo da cativada á hora do traballo. Coma sempre, a mellor elección vai ser a que mellor se adapte á nosa familia, o horario, o lugar ou as facilidades que nos ofrezan serán de vital importancia á hora de elixir como queremos que a nosa prole campe este estío.

DIVERTO'S

Summer Camp Daniela Francos Gondell ofrece seis días trepidantes no parque Pena Aventura (Ribeira de Pena, Portugal), onde a rapazada pode practicar actividades como escalada, pádel, *paintball*, piragüismo e moitas máis.

→ Datos: 8 a 13 de xullo.

→ Idade: 9 a 17 anos.

→ Prezo: 415,00 € (inclúe aloxamento, pensión completa e transporte).

GLOBAL PROJECT

Esta empresa especializada na aprendizaxe de idiomas propón dous campamentos en inglés: Cativos Holiday Club (nas instalacións do Colexio Apóstol Santiago) e mais Summer House (na sociedade deportiva Ureca, no concello de Nigrán). As dúas propostas ofrecen xogos e actividades ao aire libre.

→ Datos: 24 de xuño a 29 de xullo (Cativos Club), 1 a 3 de xullo (Summer House).

→ Horario: 9:00 a 14:00 h máis custodia.

→ Idade: 3 a 13 anos.

→ Prezo: desde 99,00 € semanais (Cativos Club), desde 230,00 € quincenais (Summer House).

IMAXINATEA LAB CREATIVO

Un curso orientado á rapazada con interese en coñecer o mundo do teatro e así descubrir habelencias dramáticas e interpretativas.

→ Datos: 1 a 5 e 8 a 12 de xullo.

→ Horario: 10:30 a 13:00 h.

→ Idade: 6 a 14 anos.

→ Prezo: desde 135,00 € semanais.

NUBES BLANCAS

Este centro de estimulación infantil e pre-natal ofrece un plan de actividades acuáticas, inglés, música, psicomotricidade etc., así como talleres temáticos de arte, ciencia e traballos manuais.

→ Datos: 1 a 31 de xullo.

→ Horario: 9:00 a 14:00 h.

→ Idade: 3 a 10 anos.

→ Prezo: desde 110,00 € semanais.



Para máis información, escanea o código QR e accede ao especial sobre campamentos publicado en amovida.gal



axenda

KENGURU

Actividades para meniños, proxenitores ou mesmo mulleres embarazadas desde Mos.

- * Sábado 4: Obradoiro: «Xardín de fadas» (11:00 h).
- * Venres 10: Obradoiro de ioga: «Marchamos á India» (17:30 h).
- * Domingo 12: «Frutilandia» (11:00 h).
- * Venres 17: Obradoiro: «Arte fluorescente baixo luz negra» (17:00 h)
- * Sábado 25: Obradoiro de música: «Luz negra baixo o mar» (17:00 h).

VIALIA

O centro comercial dispón de actividades para pequerrechos cada martes deste mes.

- * Martes 7: «Xincana de Vialia» (17:30 h, en Vigo Exporta).
- * Martes 14: «Obradoiro: Día das Letras Galegas» (17:30 h, en Vigo Exporta).
- * Martes 21: «Zumba Kids» (17:30 h, en Vigo Exporta).
- * Martes 28: «Obradoiro: Lámpada de lava» (17:30 h, en Vigo Exporta).

LUÍSA VILLALTA: ADAGIO

Caxoto dá vida a un estrafalarario concertista que nun concerto, ao non dispor dunha orquestra que dirixir, decide cambiar o recital por unha viaxe a través da vida e a obra de Luísa Villalta, a escritora homenaxeada este ano polo Día das Letras Galegas.

- Venres 10, ás 18:00 h → Biblioteca Xosé Neira Vilas
- Gratis → A partir dos 3 anos.

CONTACONTOS EN INGLÉS

No afán de espallar a aprendizaxe da lingua anglosaxoa entre os máis pequerrechos, Kid&Us organiza todos os meses contacontos en inglés abertos a toda a cativada en diferentes espazos da cidade.

- Sábado 11, ás 12:00 h → Ciudad Aventura → Gratis
- De 3 a 7 anos.

A FADA DO SACO VERDE

Erea é unha fada diferente, xa que non posúe poderes máxicos. Un día todo cambia cando os seres do bosque tecen para ela un saco máxico no que pode gardar todo aquilo que magoa o mundo.

- Sábado 11, ás 18:00 h → Biblioteca Juan Compañiel
- Gratis → A partir dos 4 anos.

MÍUDO FEST

Un ano máis, a sala de Mos celebra o Día das Letras Galegas cunha xornada familiar de música na nosa lingua. A festa arranca ás 17:00 h coa banda *Os Jalochos*, ás 18:30 h é o concerto de *punk* infantil, con *Peter Punk* e *Brais das Hortas*, e remata *O Sonoro Maxín* a partir das 20:00 h.

- Venres 17, ás 17:00 h → Sala Rebullón → Gratis.



Peter Punk



MAGIA CON DESGARBO

Carlos Tomico leva a cabo increíbles e sorprendentes ilusións nas que non queda claro quen leva a voz cantante, se o mago ou a propia maxia. Un espectáculo surrealista para toda a familia onde a diversión e o asombro están asegurados.

→ Sábado 18, ás 18:00 h → Magia en la Manga → 7,00 €
→ A partir dos 6 anos.



AS PALABRAS PERDIDAS

Con esta proposta teatral, Inventi Teatro anima a falar en galego dun xeito divertido, dinámico e moderno e pon en valor o idioma con ditos e historias de Galicia.

→ Sábado 18 e domingo 19, ás 18:00 h → Sala Ártika → 10,00 € → A partir dos 4 anos.

ENTRE ARROLOS E CONTIÑOS

Sesión de contos de Migallas Teatro na que compartir un momento agradable esperando un interese pola tradición oral.

→ Venres 24, ás 18:00 h → Biblioteca Xosé Neira Vilas → Gratis → De 1 a 3 anos.

PUM PUM, QUEN HAI?

Ártika Cía axuda a descubrir con moito humor que, cando non todo é o que parece, a vida pode dar nunha aventura marabillosa.


→ Sábado 25 e domingo 26, ás 18:00 h → Sala Ártika → 10,00 € → A partir dos 4 anos.

O GRAN DESCONCERTO

Espectáculo para xente miúda con sorpresas, xogos e, se cadra, algo de música.

→ Xoves 30, ás 18:00 h → Biblioteca Juan Compañiel → Gratis → De 0 a 3 anos.

17 MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS



CREOU UN MUNDO EN CADA PALABRA

Dedicado a LUÍSA VILLALTA

XUNTA DE GALICIA



PLAY-DOC
MÉRCORES 1 A DOMINGO 5 TUI

A vixésima edición do festival internacional de documentais de Tui homenaxea o director **William Friedkin** e presenta unha ampla retrospectiva do realizador brasileiro **Leon Hirschman**.

→ Todo o día → Varios prezos

XVI FESTA DA BRINCADEIRA
VENRES 10 A DOMINGO 12 BOUZAS

Bouzas regresa a primeiros do século XVIII para celebrar a expulsión das tropas francesas da vila. A festa inclúe postos de artesanía e gastronomía, actuacións musicais, un concurso de traxes de época e unha representación teatral o sábado ás 18:30 h.

→ Todo o día → Gratis



XLII FESTA DOS MAIOS
DOMINGO 12
PRAZA DO BERBÉS

A Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello celebra a tradicional Festa dos Maios, con actividades para todos os públicos con moita música e un acto central que confronta o inverno coa primavera.

→ Desde ás 17:00 h → Gratis

MALÚ
SÁBADO 18
AUDITORIO MAR DE VIGO

A artista madrileña celebra os 25 anos da publicación do seu álbum debut a través dunha viaxe polo seu catálogo de éxitos na compañía de nove músicos nunha xira titulada *A todo sí*.

→ 21:00 h → Desde 58,00 €



XXI FESTIVAL DE CANS
MAR 21 A SÁB 25 CANS -O PORRIÑO-

A parroquia con máis *agroglamour* volve celebrar o cinema galego abrindo a edición deste ano coa última película protagonizada por **María Vázquez**, moitas curtmetaxes, diferentes actividades e música.

→ Todo o día → Varios prezos

BANDA Á FEIRA
VEN 31 A SÁB 1 XUÑO O CALVARIO

Unha forma de achegar a cultura do cómic a todo tipo de persoas a través de charlas, encontros e un mercado de historietas. Entre os autores convidados, a viguesa **Alicia Jaraba**, o barcelonés **Javi Rey** ou o madrileño **Juan Díaz Canales**.

→ Todo o día → Gratis



DANI ROVIRA
VEN 31, SÁB 1 E DOM 2 DE XUÑO
TEATRO AFUNDACIÓN

Conceptos como a tristeza, o dó a pena preséntanse sobre as táboas coa intención de dignificalos e darlles a importancia que teñen nas nosas vidas a través da arte do cómico andaluz nun espectáculo cuxo título é unha declaración de intencións: *Vale la pena*.

→ Ven, ás 20:30 h; sáb e dom, ás 18:30 h → Desde 19,00 €



FESTIVAL TERRACEO

SÁBADO 11 DE MAIO A SÁBADO 7 DE SETEMBRO AUDITORIO MAR DE VIGO

Artistas de diferentes nacionalidade conforman o cartel da quinta edición dun festival que ofrece música e humor ao vivo nunha terraza privilexiada coa vista do solpor.

Sábado 11 de maio → **The Rapants** → Desde 20,00 €

Venres 24 de maio → **Rebeliom do Inframundo**
 → Desde 20,00 €

Venres 31 de maio → **Ángel Stanich** → Desde 22,00 €

Sábado 1 de xuño → **Los Secretos y Pancho Varona** → Desde 35,00 €

Sábado 8 de xuño → **Niño de Elche** → Desde 22,00 €

Venres 14 de xuño → **Christina Rosenvinge** →
 Desde 25,00 €

Sábado 15 de xuño → **The Jayhawks** → Desde
 40,00 €

Venres 19 de xullo → **Luis Zahera e Oswaldo Digón** → Desde 22,00 €

Sábado 20 de xullo → **José James** → Desde 25,00 €

Domingo 21 de xullo → **Tarque & La Asociación del Riff** → Desde 25,00 €

Venres 26 de xullo → **Los Estanques** → Desde 20,00 €

Sábado 27 de xullo → **Ziggy Alberts** → Desde 25,00 €

Martes 30 de xullo → **Niña Polaca** → Desde 22,00 €

Sábado 7 de setembro → **The Tallest Man on Earth** → Desde 40,00 €



MODA CON MOITO XENIO

Unha firma feminina que inspira os seus produtos no carácter galego cun nome moi contundente: **MALAHOSTIA**. **Victoria Feijóo**, a muller tras a marca, ten como obxectivo normalizar, dinamizar e contribuír a prol da nosa lingua. Cunha bagaxe de historia e tradición, confecciona pezas modernas para terminar co prexuízo de que en Galicia vivimos atrasados e incomunicados e que temos unha cultura revella.

Esta marca tamén quere dar a coñecer outros proxectos feitos no país, xa sexa con colaboracións ou utilizando as redes sociais a modo de revista dixital. As súas pezas, cantándolle á Candeloria, con lemas como «Dura de roer» e con ditos populares como «Outra vaca no millo» fan que os nosos armarios rezumen identidade, cultura e deseño. Unha colección para un presente perfecto.



→ malahostiadesign.com → [@malahostiadesenho](https://www.instagram.com/malahostiadesenho)

‘SOÑAR AL BORDE DEL PRECIPICIO’



«En sueños, estoy dentro de una guerra, real o de videojuego, no sé cómo distinguir lo uno de lo otro. Corro desesperado por entre los edificios en ruinas junto a otros soldados, mientras escucho el incansable ruido de las explosiones. Alcanzo un descampado, ahora estoy a tiro de dron, a tiro de misil o Dios sabe qué tipo de tiro. Me tumbo boca abajo, me hundo en el barro y me duermo. Soñar dentro del sueño es la única salida». **Anómico Teatro** presenta en Ensalle o seu novo espectáculo: *Soñar al borde del precipicio*. A compañía de **Julio Fernández Peláez** regresa á sala da rúa de Chile cunha proposta cuxo fio condutor é o mundo dos sueños. O espectáculo componse de relatos autobiográficos, reflexións filosóficas, poesía e interacción co público, ademais dunha serie de «accións para dormentes» que o propio Fernández Peláez realiza cun anteface para durmir. O creador zamorano indica que a obra «pretende ser unha peza inacabada, en constante cambio e expansión» onde cada función presenta «unha fase REM da obra, non a obra como tal». Achégate ao Teatro Ensalle para soñar ao bordo do precipicio.

→ De venres 24 a domingo 26 ás 20:00 h
→ Teatro Ensalle → 10,00 €



Aira Editorial

Libros que entran polos ollos

A librería Aira das Letras abriuse en 2010 da man de **Carlos Airas** e **Margarita Fernández**, un refuxio para os amantes da lectura no centro de Allariz. O espazo, cunha estética moi coidada, apostaba con firmeza polo libro ilustrado e a literatura galega. «Canseime de vender libros bonitos e quixen fabricalos», dixo Carlos un día. Foi así como en 2017 naceu **AIRA EDITORIAL**. O xornalista e escritor **César Lorenzo Gil**, cliente habitual da librería, sumouse a esta nova aventura como director editorial. Aira é unha editorial xeralista que abrangue desde o ensaio ata o cómic, pasando pola novela, a tradución de clásicos e o libro ilustrado. Sempre en galego. Todas as publicacións deste selo caracterízanse por un gran coidado no apartado estético: «É unha cuestión imaxinativa máis que económica, xa que o libro galego ten un mercado moi limitado; pero si que podes engaiolar a visión da xente a través das portadas, da edición, do formato...», explica César, que pensa que ata hai ben pouco o libro galego nunca se caracterizara por un especial agarimo na parte visual.

Exemplos disto son dous títulos publicados: *Atlas da Galicia pequena* e *Historia da Galicia pequena*, ilustrados por **Jorge Campos** e redactados polo propio César. Entre os dous suman máis de 10.000 exemplares vendidos, unha cifra máis que notable tendo en conta que unicamente o 8 % dos libros que se venden nas librerías galegas están na nosa lingua. Seguindo esta liña, acaba de saír do prelo a terceira entrega da saga: *As letras da Galicia pequena*. Ademais, hai pouco que editaron un libro cunha estética similar para conmemorar o centenario do equipo celeste: *Historia visual do RC Celta*. Parte do éxito destes libros baséase en que están adaptados ao público de hoxe, fomentando a curiosidade, e que ofrecen diferentes niveis de lectura: desde menores ata adultos.



«O libro galego é moi variado e, a pesar da precariedade no apartado comercial e da nula presenza nos xornais, segue subsistindo e cada vez hai máis editoriais», afirma César Lorenzo. Con todo, tamén pensa que existe certa incapacidade de manter ese público infantil en galego que, ao medrar, renega da lectura no idioma propio. «Que pasa para que o galego asuste a partir dos 12 anos? Que está pasando nos colexios e institutos para que haxa tanta xente que siga acudindo ás librerías, pero renegando do galego?». Son preguntas para as que non acha resposta.



→ airaeditorial.gal → [@airaeditorial](https://twitter.com/airaeditorial)



LOCAIS RECOMENDADOS

-  CAFÉS
-  COMERCIO
-  CONCERTOS
-  COPAS
-  ESPECTÁCULOS
-  FORMACIÓN
-  GASTRO





- 1 **A MORADA** Enrique Maças, 6
- 2 **ALBATROS** Peirao de Transatlánticos, s/n
- 3 **ALTA FIDELIDAD** Praza da Constitución, 12
- 4 **ÁRTIKA** Beiramar, 113
- 5 **CAÑAVERAL** Porta do Sol, 6
- 6 **DOPPLER, SALA** Martín Códax, 21
- 7 **EL TRIGAL, PANADERÍA**
Alexandre Bóveda, 1 e A Sede do Celta: Príncipe, 44
- 8 **FELICETTA GUALTIERI** Alfonso XIII, 9
- 9 **FLAMINGOS VINTAGE KILO** Doutor Cadaval, 21
- 10 **GALERÍA MARACA** Doutor Cadaval, 12
- 11 **KENGURU** Avenida do Rebullón, 22 - Mos
- 12 **KIDS & US** Xirona, 8 e Urzaiz, 108
- 13 **LA CONTENEDORA** Eduardo Iglesias, 11
- 14 **LA TITARIVERA** Praza de Compostela, 17
- 15 **LE MARCHÉ DE RACHEL** Carral, 15
- 16 **LIBROURO** Eduardo Iglesias, 12
- 17 **MÁIS PALÁ** Manuel Núñez, 18
- 18 **MAPIS** Pizarro, 47
- 19 **MOLOTOV** Santiago de Vigo, 1
- 20 **MORRIÑA SHOP** Praza da Pedra, 5
- 21 **O LAR DAS ARTES** Ribelas, 60
- 22 **PRIMAVERA, BAR** Ronda de Don Bosco, 17
- 23 **PURO DELIRIO** Teófilo Llorente, 43
- 24 **RATALOKA TATTOO** Camelias, 22
- 25 **REBULLÓN, SALA** Avenida do Rebullón, 23 - Mos
- 26 **SALA KOMINSKY** Irmandiños, 3
- 27 **SARAGARCÍA PELUQART** Couto Piñeiro, 2
- 28 **SUKHA FUNK** Tomás A. Alonso, 19
- 29 **SR. NILSSON** Triunfo, 2
- 30 **SWING ON** Alfonso XIII, 9
- 31 **TALLER ALASELVA** Rúa San Paio, 118
- 32 **TEATRO ENSALLE** Chile, 15
- 33 **TERRAE ORGÁNICA** Vázquez Varela, 44
- 34 **THE MONK PUB** Serafín Avendaño, 12
- 35 **TU CENTRO RAÍCES** Tomás A. Alonso, 162, 2.º of. 7
- 36 **VAIDHĚ** Carral, 7
- 37 **VITRUVIA** Praza de Compostela, 5
- 38 **WOODTOWN** Camelias, 20



→ Para máis info sobre os locais recomendados visita amovida.gal/locais-recomendados



NOMEAR A SOIDADE

A nenez é un estado eterno, pois o que vivimos nela acaba por influír no que somos na idade adulta. Sobre iso fala *A soidade das nenas*, a novela coa que **Miriam Beizana Vigo** se estrea na literatura galega, e onde atopamos a dúas xemelgas atravesadas por unha dura infancia que se unen a outra nena que tamén ten os seus traumas. A raíz dun suceso terrible que as marca para sempre, as rapazas loitarán contra a tristura e contra a soidade. Porque quizais para medrar de vez é preciso ollar o trauma de fronte.

→ [*A soidade das nenas*](#) → Miriam Beizana Vigo → Xerais → 296 páxinas



O LEGADO DO QUE SOMOS

Pioneira na escrita con perspectiva feminista, **Marica Campo** é unha das grandes autoras galegas. Baía Edicións vén de publicar un relato que se titula *Memoria para Xoana*, no que atopamos a conversa dunha muller que lle fala á filla que trae no ventre para lle presentar as mulleres da súa vida. Para que sigan sendo faro, para que non se perda o legado do que somos. Unha obra que reivindica o ollar feminino ao mundo e que, a pesar da brevidade do relato, está ategada de moitos pequenos detalles que nos emocionan.

→ [*Memoria para Xoana*](#) → Marica Campo → Baía → 64 páxinas



DIARIO DE MATERNIDADE

A escritora e profesora viguesa **Rexina Vega** escribe sobre o sentimento do «niño baleiro», que asola moita xente cando se emancipan os fillos. *O teu perfil na miña sombra* é unha sorte de diario no que Vega vai contando como se sente despois da marcha da filla para estudar fóra, e como ten que volver configurar os costumes ante esta nova ausencia. O libro é unha mostra de valentía en que conflúen xéneros como o ensaio, a narrativa e a poesía para dar lugar a unha obra intensa e necesaria.

→ [*O teu perfil na miña sombra*](#) → Rexina Vega → Galaxia → 161 páxinas



#PuroDeleite



O MEU BERBÉS



MARÍA CASTIÑEIRAS CELA

@mericastis

Universidade de Vigo

Participa! Envía a túa obra (fotografía, ilustración, poema, relato, viñeta etc.) a revista@amovida.gal
Consulta as bases en amovida.gal/as-tuas-movidas



CRUCERO COSTA FORTUNA

ISLAS GRIEGAS Y ESTAMBUL

SALIDA EXCLUSIVA DE 14 AL 21 DE JUNIO



Tasas y propinas incluidas
Vuelo directo desde A Coruña



Infórmate en:
Telf / Whatsapp: 661219596


Halcón
viajes

SABEMOS DE
VIAJEROS